

## **RICARDO CARVALHO CALERO. LETRAS GALEGAS 2020**

### **TEMA 5**

#### **PROFESOR EN SANTIAGO (1965-1980)**

##### **NO INSTITUTO E NA UNIVERSIDADE**

Nos últimos anos da ditadura franquista (1939-1975) a represión contra as persoas consideradas «inimigas do Estado» diminúe e algunhas das prohibicións vixentes vanse eliminando paseniño. Deste xeito, Ricardo Carvalho Calero pode volver concorrer ás prazas para mestre de secundaria, tal e como fixera en 1936, cando obtivera unha praza da que nunca puido chegar a tomar posesión.

Case trinta anos despois, en 1965, preséntase de novo á mesma oposición e aproba coa mellor nota do seu tribunal. Calero, que xa ten 54 anos, elixe como destino o instituto feminino da cidade de Santiago, o Rosalía de Castro, onde quedara unha praza vacante no curso anterior. Desde ese ano e ata o seu pasamento en 1990, Santiago será o seu lugar de residencia, e no cemiterio compostelán de Boisaca repousan os seus restos xunto aos da súa dona, María Ignacia, falecida en 2001.

Asemade, Abelardo Moralejo Laso, quen fora profesor seu na época universitaria, contacta con el para ofrecerlle a posibilidade de impartir a materia de Lingua e Literatura Galega que desde o curso 1965-66 se incorpora como optativa dentro da carreira de Filoloxía Románica. Calero acepta, e pouco despois acabará facéndose cargo da materia de Galego Medieval na facultade de Historia.

Durante anos mantén de maneira simultánea o seu maxisterio no ensino secundario e no superior, ata que en 1971 se convocan as oposicións á cátedra de Lingua e Literatura Galega. Decide presentarse e, tras un longo proceso e en concorrencia con outros aspirantes, en 1972 é designado como o primeiro catedrático de galego da universidade compostelá. Calero, que fora o primeiro membro da súa familia que puidera cursar estudos universitarios e que albergara sempre a esperanza de ser profesor universitario a todos os efectos, tiña xa 61 anos naquela altura.

Desde ese momento abandona a docencia no instituto Rosalía de Castro e centra os seus esforzos en dignificar a presenza do galego no ámbito universitario, aínda que máis dunha vez confesará que botou de menos a docencia na secundaria, onde as actividades alén do puramente académico (como as teatrais) tiñan maior cabida.

Calero non quería que as materias de galego fosen as “marías” da carreira, e preocupábase por achegar uns contidos de calidade e interesantes para o alumnado. Pero o gran problema co que se atopa é a falta de instrumentos ben elaborados que sirvan como referencia e base de estudo: dicionarios de calidade, bibliografías exhaustivas, gramáticas modernas, unha historia da literatura completa e sistemática...

Porén, en lugar de laiarse ou agardar a que outros puxesen mans á obra para paliar estas carencias, será o propio Carvalho Calero quen desenvolva moitos deses materiais.

## **UNHA HISTORIA DA LITERATURA E UNHA GRAMÁTICA**

Cando Carvalho Calero chega á universidade en 1965, detecta que a maior eiva para o exercicio da súa actividade é a carencia de textos de referencia para o alumnado, e decide poñer mans á obra para elaborar aqueles que considera fundamentais: unha historia da literatura galega contemporánea e unha gramática da lingua.

A historia da literatura galega de Calero xurdiu da súa vocación filolóxica, pois malia non ser lingüista por formación, ao longo da súa traxectoria académica foise achegando a este campo do saber e deixando a un lado o Dereito, a carreira que estudara inicialmente. Tomando como base a súa tese de doutoramento, realiza un amplo percorrido por todos os autores e obras salientables no longo que período que vai desde 1808 ata 1936, con especial atención aos principais escritores do Rexurdimento; e, entre eles, a Rosalía de Castro, a quen considera a figura de maior relevancia da nosa literatura.

Para a súa elaboración mesturou un estilo académico xunto cunha perspectiva didáctica, xa que a dobre finalidade era facer un traballo metódico e rigoroso (pero ao mesmo tempo ecléctico e nada dogmático) que puxese de manifesto a calidade da literatura galega contemporánea e erradicase erros e malas interpretacións do pasado; pero sobre todo pretendía ser un manual práctico para o estudantado da materia de literatura galega.

En canto á gramática da lingua galega, o proxecto xorde coma un encargo que se lle propón desde a editorial Galaxia, á que está vinculado desde a súa creación en 1950. Malia a existencia doutras gramáticas anteriores (Saco e Arce, Cuveiro, Mirás...), en ningunha delas se abordara a súa creación con criterios científicos, malia teren o enorme valor de representar o esforzo dos seus creadores por achegar unha ferramenta útil para os usuarios dunha lingua que se desenvolveu sempre en condicións de precariedade e marxinação.

A crítica definiu o traballo de Calero como unha «gramática-río» na que se abordan cuestións de léxico, normativa, historia da lingua, morfoloxía, fonética, dialectoloxía, sintaxe... En definitiva, un manual sobre a lingua galega como nunca antes houbera, coa

excepcionalidade de se tratar do labor dunha única persoa, xa que todo o contido da gramática foi elaborado polo propio Calero, cando este tipo de proxectos adoitan ser produto do labor conxunto dun equipo formado por expertos nos diferentes ámbitos da lingüística.

A gramática publícase en 1966 e verá múltiples edicións ata o ano 1979, nas que o autor vai engadindo novos contidos ou modificando os xa incorporados inicialmente; a partir destes cambios pode advertirse unha tendencia cara á confluencia entre o galego e mais o portugués, algo que Carvalho Calero defendeu sempre e do que se falará máis en detalle no seguinte tema deste curso.

Calero participou tamén na redacción das primeiras normas (1970-1971) publicadas pola Real Academia para tratar de unificar o uso escrito da lingua galega, ata entón carente dun texto oficial. Posteriormente, en 1979, tamén participa na elaboración das normas ortográficas que publica a Xunta de Galicia acabada de crear, e que substitúen as anteriores.

Porén, debido á súa defensa da aproximación á ortografía do portugués, en 1982 xa non será chamado para formar parte do equipo de traballo da Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega que establece as normas ortográficas definitivas, coincidentes en gran medida coas do castelán.

Ademais da historia da literatura e a gramática, durante o seu período como catedrático universitario Carvalho Calero publicou outros traballos académicos en forma de ensaio sobre lingua e literatura, como *Libros e autores galegos: dos trovadores a Valle Inclán* (1971), *Sobre lingua e literatura galega* (1971), *Particularidades morfológicas del lenguaje de Rosalía de Castro* (1972), *Estudos rosalianos: aspectos da vida e obra de Rosalía de Castro* (1977) e o triplo volume dedicado á *Prosa galega* (1976-1980).

A maiores, ata o ano 1980 en que se xubilou, Carvalho Calero desenvolveu un labor intenso e permanente de difusión e visibilidade da lingua galega en todos os ámbitos, alén do puramente académico. Deste xeito, mantivo constantes colaboracións nos medios de comunicación impresos, participou en todo tipo de actos públicos en defensa da lingua, ditou relatorios en xornadas, congresos, seminarios...